



Concello de Moaña

Expediente núm.: 1457/2024

Procedemento: Contratacións

Serie documental: S0269 - Contratacións de servizos por procedemento aberto

Asunto: Contratación do servizo de implantación, mantemento e soporte dun software de xestión de nómina e RRHH a través dunha plataforma tecnolóxica cloud

Documento: Providencia de Alcaldía

Trámite: Incoación do procedemento de contratación

PROVIDENCIA DE ALCALDÍA

A técnica de recursos humanos do servizo de Persoal deste concello emitiu informe núm. 2024-0106 do 6 de maio de 2024 (CSV: 69HTT6T7WHNJ73KKKLT4Q7NAX), no que propón a celebración do seguinte contrato:

Tipo de contrato: CONTRATO ADMINISTRATIVO DE SERVICIOS	
Obxecto do contrato: Software de xestión de nómina e recursos humanos a través de cloud	
Procedemento de contratación: ABERTO Tramitación: ORDINARIA	
Código CPV: 72267100-0 Mantenimiento de software de tecnología de la información CPA 2008-	
Duración: 2 anos	Prórrogas: Un ano
Valor estimado do contrato: 52.464,00 € IVE%: 11.017,44 €	
Orzamento base de licitación IVE excluído: 39.764,00 €	
Orzamento base de licitación IVE incluído: 48.114,44 €	
Mejoras: Non procede	

No citado informe xustifícase a necesidade da contratación en base aos antecedentes indicados no apartado 1º e 2º deste no que manifesta, entre outros, que na actualidade o Concello de Moaña dispón en propiedade dunha solución de xestión de Recursos Humanos (en adiante, RR.HH) instalada nos servidores do Concello, Ginpix7, que integra toda a información que xestiona o servizo de persoal

Indica que se fai necesaria a contratación do servizo de acceso a un software especializado na Administración Local que facilite a xestión integral de Nómina e Recursos Humanos do Concello de Moaña baixo unha plataforma tecnolóxica cloud certificada ou nube, para albergar con seguridade a base de datos dos empregados públicos, permitindo unha mellora na accesibilidade e a dispoñibilidade do sistema.

Ao respecto do anterior, o art. 116 da Lei de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), dispón que a celebración dos contratos das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no art. 28 LCSP.

Considerando o establecido no artigo 73 do Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP), e en cumprimento dos principios establecidos no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, deberá determinarse con precisión a necesidade que pretende cubrirse, así coma a idoneidade do obxecto e contido do contrato para satisfacelas.

Neste sentido, o informe do servizo xustifica a necesidade da contratación indicando o seguinte:

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax:





Concello de Moaña

“ O Concello de Moaña actualmente xestiona aproximadamente un volume medio de 130 empregados mensuais (70 aproximadamente con GINPIX7), conformados por unha elevada porcentaxe de persoal temporal con respecto ao persoal fixo (funcionarios e laborais fixos). Isto unido a unha importante taxa de rotación, e as esixencias do Sistema de Liquidación Directa imposto pola Tesourería Xeral da Seguridade Social que representou unha revolución no modelo de relación coa mesma, aconsellan apostar por un modelo de xestión das nóminas especializado na Administración Local, o que conleva que estea debida e pertinentemente asegurado o cumprimento normativo e legal que corresponde ás entidades locais e, á súa vez, redunde positivamente na xestión de recursos humanos da entidade e, en definitiva, na correcta execución das competencias normativamente atribuídas á entidade e na legalidade, corrección e calidade dos servizos que presta aos cidadáns.

O software de xestión de nómina e recursos humanos é necesario que se execute a través dunha plataforma tecnolóxica Cloud (ou nube), baixo a modalidade de pago por uso (software as a service - SaaS). Deste modo facilitarase unha xestión completa e integral dos recursos humanos do concello baixo o soporte seguro dunha plataforma tecnolóxica cloud ou nube que permita albergar con seguridade a base de datos dos empregados da entidade, orientarse a unha legal e correcta xestión e tramitación do proceso administrativo do cálculo de nómina e contratación. Que cumpra á súa vez coa legalidade vixente en materia de protección de datos e xestión de recursos humanos e, ao mesmo tempo, optimice e libere tempo e recursos da corporación, grazas á completa integración co resto de funcionalidades pertencentes ao mesmo software que actualmente se require na área de Persoal para realizar correctamente dun lado, a xestión ordinaria de nómina e incidencias mensuais e, por outra, a necesaria planificación de recursos humanos que se require a curto, medio e longo prazo.

O concello, á súa vez, ten a necesidade de dispoñer de servizos e solucións integradas para que a xestión da nómina quede enlazada de forma automática e mensualmente coa contabilidade SICAL. Respecto aos Recursos Humanos, o concello dispón actualmente dunha solución de software aloxada nos servidores do concello que facilita a realización das nóminas do persoal funcionario pero non dispón da integración coa contabilidade SICAL nin da funcionalidade da estrutura organizativa (RPT e plantilla) que é esencial para realizar o cálculo retributivo dos Orzamentos para o Capítulo I en base a estrutura organizativa do concello.

A plataforma debe facilitar o acceso Cloud aos usuarios de forma nominal, como tendencia estratéxica sobre a dixitalización do Concello de Moaña e facilitar tamén a accesibilidade e mobilidade (teletraballo para o equipo de persoal) dende calquera punto con máximas garantías de seguridade.

Por iso requírese que as funcionalidades permitan ao concello definir e soportar de forma dinámica o ciclo de vida da estrutura de Postos e Prazas, conservando rastrexabilidade sobre o histórico da información e obtendo un rexistro de todas as modificacións que sufrise a mesma co consecuente impacto que iso provoca directamente sobre os Orzamentos de Persoal (Capítulo I) presentados cada ano.”

No informe de referencia propónse acudir a un procedemento aberto, figura prevista no artigo 156 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Xustifica esta proposta polas seguintes razóns:

- O procedemento aberto é un dos procedementos ordinarios de adxudicación dos contratos das administracións públicas (artigo 131 da LCSP).
- Os órganos de contratación darán aos licitadores e candidatos un tratamento igualitario e non discriminatorio e axustarán a súa actuación ao principio de transparencia (artigo 132 da LCSP).
- Considérase máis adecuado o procedemento aberto por estimar conveniente que todo empresario interesado poida presentar unha proposición e quede excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores (artigo 156 da LCSP).

Apreciada a necesidade da contratación do servizo de software de xestión de nómina e recursos humanos a través dunha plataforma tecnolóxica Cloud (ou nube), baixo a modalidade de pago por uso (software as a service - SaaS), así como o soporte e o mantemento posterior das seguintes funcionalidades que serán explotadas polos usuarios habilitados e certificados da organización:

- Xestión de empregados
- Xestión do ciclo de nómina, seguridade social e xestión da contratación
- Enlace coa aplicación de contabilidade Sicalwin de Aytos





Concello de Moaña

- Xerador de consultas e informes
- Administración de prazas e postos
- Cálculo e seguimento Presupostario Capítulo I

Maila que a contratación proposta non se atopa prevista no PLAN DE CONTRATACIÓN DO CONCELLO DE MOAÑA PARA O PERÍODO 2023-2026 aprobado por Resolución de Alcaldía núm. 2023-0279 de data 29 de marzo de 2023 (expdt ref. 181/2022), as necesidades manifestadas polo servizo de persoal, esixen da tramitación do mesmo para poder garantir unha correcta xestión da nómina e dos RR.HH deste concello.

Logo do sinalado nos parágrafos anteriores, e no exercicio das atribucións recoñecidas no art. 21.1. da lei 7/85 reguladora das bases de réxime local, pola presente dispoño o seguinte:

1º. Incoar procedemento de contratación administrativa do servizo para o acceso ao software de xestión de nómina e recursos humanos polo procedemento aberto, previsto no artigo 156 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público, polos motivos xustificadas pola Técnica de RR.HH do concello, e tramitación ordinaria.

2º.- Realizar a instrución do procedemento de contratación nos termos sinalados no apartado 3º do art. 116 e 117 da LCSP ordenando a elaboración e incorporación ao expediente, segundo o caso, da Memoria xustificativa da oportunidade e necesidade do servizo, retención de crédito así como dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares reguladoras da contratación de referencia.

Incorporados os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas procederá a emisión dos informes preceptivos da Secretaria do concello e da Interventora municipal en cumprimento do preceptuado nos apartados 3º e 8º da Disposición adicional 3ª da citada norma.

